



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Análise Económico das Organizacións	Código	611G02023	
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Empresa			
Coordinación	Lopez Rodriguez, Jose	Correo electrónico	jose.lopez.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Lopez Rodriguez, Jose Rodriguez Fernandez, Maria Jose Teijeiro Álvarez, Mercedes	Correo electrónico	jose.lopez.rodriguez@udc.es maria.jose.rfernandez@udc.es mercedes.teijeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta asignatura e proporcionar os alumnos dunha serie de ferramentas conceptuais e teóricas para a análise e comprensión de distintos aspectos ou fenómenos relacionados co mundo das organizacións (por exemplo a integración o subcontratación de actividades, a descentralización na toma de decisións, o deseño de contratos de incentivos, etc). A asignatura dotará os alumnos dunha serie de competencias para a xestión das organizacións, cuya aplicación exténdese fundamentalmente o ámbito da estratexia corporativa e o deseño da arquitectura interna.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.
A2	Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada.
A3	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A5	Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.
A6	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A7	Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A8	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A9	Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A10	Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo
B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais
B7	CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización
B8	CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.



B9	CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados
B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer e comprender os conceptos básicos da organización da actividade económica	A7	B1	C1
Comprender a visión contractual e económica das organizacións	A11	B2	C4
Coñecer e comprender as principais teorías que nos permiten a análise económica das organizacións		B3	C6
		B5	C8
Capacidade para resolver e analizar problemas organizativos relacionados co ámbito da estratexia e co ámbito do deseño organizativo	A1	B2	C1
	A4	B3	C3
	A6	B4	C6
	A8	B5	C8
	A9	B6	
	A10	B7	
	A11	B8	
		B9	
Responsabilidade social universitaria	A1	B8	C4
integración dos valores éticos como principio rector dos nosos comportamentos. En particular a responsabilidade, solidariedade, compromiso social e a honestidade.	A2	B10	C5
	A3		C7
	A4		C8
	A5		

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I. A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA	1. DIVISIÓN DO TRABALLO E COORDINACIÓN 2. CONTRATOS E INFORMACIÓN ASIMÉTRICA 3. EFICIENCIA Os contidos a abordar en cada un dos temas detallárase nos materiais ou guías que cada profesor colgará en Moodle, adaptándoos as especificidades de cada titulación.
BLOQUE II. TEORÍAS PARA A ANÁLISE ECONÓMICA DAS ORGANIZACIÓNS	1. TEORÍA DE CUSTOS DE TRANSACCIÓN 2. TEORÍA DE AXENCIA 3. TEORÍA DOS DEREITOS DE PROPIEDAD Os contidos a abordar en cada un dos temas detallárase nos materiais ou guías que cada profesor colgará en Moodle, adaptándoos as especificidades de cada titulación.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A11 B2 B4 B7 C4	22	0	22
Aprendizaxe servizo	A10 A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C4 C5 C6 C7 C8	2	20	22
Proba de resposta múltiple	A8 A11 C1	1	11	12
Proba oral	A7 A11 B2 B3 B4 B7 C1	8	24	32
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A9 B8 C3	17	34	51
Atención personalizada		11	0	11

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida
Proba oral	Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Aprendizaxe servizo	Nos horarios de tutoría o alumno será atendido para aclarar aquelas dúbidas que lle xurdan para a preparación da materia. Sen citar á persoa que realizou a consulta en horario de tutoría, esta pode ser publicada en Moodle, xunto coa súa resposta, coa finalidade de que outros alumnos poidan sacar proveito da mesma. Todo iso se o profesor considera oportuna e de interese xeral a consulta exposta. Aqueles alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica de exención de asistencia dirixiránse o profesorado ao inicio do curso para establecer un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Ademais empregarase a plataforma Moodle e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para poder axilizar a xestión de dúbidas e problemas relacionados coa materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Aprendizaxe servizo	A10 A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C4 C5 C6 C7 C8	Elaboración dunha memoria ou proposta de posibles actuacións e solucións a acometer para dar resposta os problemas que plantexa o destinatario do servizo, debidamente razoada. Este traballo realizarase en grupo -o número de integrantes será determinado polo profesor ao comenzo do curso, en función do número de participantes.	20
Proba de resposta múltiple	A8 A11 C1	Test de resposta multiple individual: 20 preguntas tipo test, con penalización para as respostas incorrectas segundo a taboa que acompañará ao examen.	40
Proba oral	A7 A11 B2 B3 B4 B7 C1	Proba na que o alumno, de forma oral, debe dar resposta a preguntas cortas ou de certa amplitude, para desta maneira valorar os seus coñecementos así como a súa capacidade de razoar (argumentar, relacionar, etc.) as preguntas ou problemas plantexados. Os contidos ou materia que entra nestas probas orais é acumulativo, entrará o visto ata a semana anterior a proba.	40

## Observacións avaliación



## AVALIACIÓN GRADO ADE

Para superar a asignatura é necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre un total de 10 puntos na valoración global (Nota global=40%puntuación obtida na proba de resposta múltiple +40% nota obtida na proba oral +20%nota obtida no ApS ou proba equivalente).

A proba de resposta múltiple, cuxa data está fixada no calendario oficial de exames da Facultade, establece unha condición necesaria -aínda que non suficiente- de cara a superación da asignatura. Para poder integrar a avaliación continua (probas oral,e ApS) no computo da avaliación final da asignatura e necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 no exame final.En caso de que non se acaden 5 puntos sobre 10 na proba de resposta múltiple e con independencia das notas obtidas na avaliación continua, o alumno terá un suspenso cuxa nota será a que obtúvese no examen.

Con relación a proba oral, cada alumno ao longo do curso terá varias intervencións -o número de intervencións non está fixado de antemán- e cada unha desas intervencións terá o mesmo valor e recibirá unha puntuación de ben, mal ou regular. Por exemplo se se levaron a cabo 4 intervencións ou probas, cada unha delas suporía un punto se se fai ben, 0.5 se se fai regular e 0 se se contesta mal. Estas probas comenzarán a partires da segunda semana do curso, en poderán ter lugar calqueira día da semana que estime o profesor, sen necesidade de previo aviso, y en cada sesión interverdrán varios alumnos chamados polo profesor. En caso de que o profesor chame a un alumno e este alumno non se atopara na aula -salvo causa xustificada- recibirá unha puntuación de cero.

Con relación o ApS, esta proba non vai a estar disponible ou podérselle ofrecer a tódolos grupos por motivos de imposibilidade por parte da empresa destinataria do servico para poder atender a todos os alumnos. Desta forma a principios do curso, o profesor establecerá qué grupos van da ter que facer o ApS e para o resto de grupos se establecerá unha proba sustitoria do ApS, pero coa mesma puntuación que o ApS. Dita proba sustitoria consistirá na elaboración dun traballo teórico sobre algunha das teorías que se van a ver no cursos, teoría de axencia, costes de transacción ou dereitos de propiedade, e a ser posible, que recolla unha aplicación destas teorías a algún problema empresarial. Dito traballo será tamén realizado en grupo ao igual que o ApS.

## ALUMNOS CON DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DESPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA

A avaliación realizarase sobre os mesmos contidos e criterios que os alumnos con dedicación a tempo completo. O principio do curso este alumnos dirixiránse o profesorado para fixar un calendario de actuacións específico acorde coa súa dispoñibilidade para deste xeitos posibilitar a realización da súa avaliación.

## CONVOCATORIA ADIANTADA E SEGUNDA OPORTUNIDADE

Os alumnos que se presenten a convocatoria adiantada de novembro,a avaliación so se fará a partires dunha proba de resposta múltiple e para aprobar necesitarán acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10. No que atinxe a 2ª oportunidade de xullo os criterios son os mesmos cos da primeira oportunidade, de tal forma que a nota de avaliación continua obtida se arrastra para formar a nota final.

## AVALIACIÓN DOBRE GRADO (ADE+DEREITO)

Na dobre titulación (ADE+Dereito) os criterios así como as probas de avaliación será os que fixe o profesor desta asignatura e que lles comunicará os alumnos o día da presentación da asignatura.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

Os principais textos para o curso son: Arruñada, B. (1998), Teoría contractual de la empresa. Ed. Marcial Pons.  
Besanko, D., D. Dranove, M. Shanley y S. Schaefer (2003), Economics of Strategy. Third Edition. John Wiley & Sons, Inc.  
Brickley, J.A., Smith, C.W., Zimmerman, J.L. (2005), Economía Empresarial y Arquitectura de la organización. Ed. McGraw Hill.  
Douma, S. y Schreuder, H. (2009), Enfoques económicos para el análisis de las organizaciones. Ed. Pearson Education.  
Milgrom, P. y Roberts, J. (1993), Economía, Organización y Gestión de la empresa, Ed. Ariel



<b>Bibliografía complementaria</b>	Outras referencias útiles son: Demsetz, H. (1997), La economía de la empresa. Alianza Economía. Putterman, L. (1994), La naturaleza económica de la empresa. Alianza Editorial Salas (1996), Economía de la empresa. Decisiones y organización. Ariel Economía. 2ª Edición. Serra Ramoneda, A. (1993), La Empresa: Análisis Económico. Ed. Labor. Williamson, O.E. (1975), Markets and Hierarchies: Analysis and Antitrust implications. Free Press, New York, NY. Traducido como Williamson, O.E. (1991): Mercados y Jerarquías: Su Análisis y sus Implicaciones Antitrust, México: Fondo de Cultura Económica Williamson, O.E. (1985), The Economic Institutions of Capitalism, New York:Free Press. Traducido como Williamson, O.E. (1989): Las Instituciones Económicas del Capitalismo, México: Fondo de Cultura Económica
------------------------------------	---

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Microeconomía/611G02001

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Os alumnos deben participar activamente nas discusións e preguntas realizadas na clase.

Os alumnos deberán ser capaces de entender textos en Inglés.

### Honestidade académica

Esperase que os estudantes teñan unha conducta responsable e honesta tanto durante as clases coma nas probas de avaliación. Calquier forma de deshonestidade académica (copiado, comunicacións no permitidas durante exámenes ou exercicios evaluables, etc.) será penalizada coa máxima severidade posible.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías